

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 2 de decembro de 2013 pola que se modifica a do 29 de xullo de 2013 (Diario Oficial de Galicia do 23 de agosto) pola que se fai pública a relación do persoal aspirante que superou o concurso-oposición no proceso selectivo convocado pola Orde do 23 de marzo de 2013 (Diario Oficial de Galicia do 4 de abril) de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Estimado o recurso de alzada interposto por Pilar Campos Trabazo en relación co procedemento selectivo convocado pola Orde do 23 de marzo de 2013, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#### RESOLVE:

Primeiro. Modificar a Orde do 29 de xullo de 2013 (DOG do 23 de agosto) pola que se fai pública a relación do persoal aspirante que superou o concurso-oposición no proceso selectivo convocado pola Orde do 23 de marzo de 2013 (DOG do 4 de abril) de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo nesa relación a:

Especialidade	Quenda	NIF	Apelidos e nome	Puntos oposición	Puntos concurso	Concurso-oposición
Idioma estranxeiro: inglés	L	76818817J	Campos Trabazo, Pilar	6,7200	6,0000	6,4800
Debe incluírse na lista desta especialidade e colocarse a continuación de Rivera Rodríguez, Martiño (DNI 44090521G)						

Segundo. O disposto no punto anterior supón a modificación do número de orde da lista de aprobadas/os nesta especialidade que figuraban na Orde do 29 de xullo de 2013 (DOG do 23 de agosto).

Terceiro. A opositora relacionada no punto primeiro da presente orde é nomeada funcionaria en prácticas con efectividade administrativa do 1 de setembro de 2013 e económica do día da toma de posesión no seu destino.

Cuarto. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento deste orde.



Quinto. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1988, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2013

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

